

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE NO- VEMBRO DE 2017.

Alcalde Accidental:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 48 DA SESIÓN DE 20 DE NOVIEMBRE DE 2017.

Acordouse aprobar acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 48/2017 do día 20 de novembro de 2017.

2.- EXPEDIENTE 377/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES EXP 8567/16.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Froxán, parroquia de Castro de Cabras, en Lalín (exp. 377/2017).

3.- EXPEDIENTE 5349/2017. SOLICITUDE CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PAR PERSOAS CON MINUSVALÍA N° 25/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a favor co número 25/2017 con carácter definitivo.

4.- EXPEDIENTE 5350/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse A ALTA URXENTE no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para varias persoas solicitantes.

5.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3315/2017. CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2017.

Acordouse Aprobar a Resolución adoptada polo Tribunal Cualificador en relación coas alegacións formuladas contra a valoración de méritos, na Bolsa de Emprego Auxiliar Administrativo 2017.

6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5510/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse conceder autorización para para o uso das instalacións de unha aula da Uned de Lalín, para o día 4 de decembro de 2017, para impartición da parte teórica dun curso de Prevención de Riscos Laborais.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5191/2017. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse Aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “ACONDICIONAMENTO DE ZONAS DE PASO A NIVEL DA PISTA DO PAVILLÓN MULTIUSOS DO LALIN ARENA”.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5364/2017. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse Acollerse ás Bases Reguladoras para a concesión de subvencións para a redacción de Plans de Mobilidade e solicitar unha subvención por importe de 20.000 euros para a redacción do Plan de Mobilidade do Concello de Lalín.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5440/2017. APROBACION CAMPAÑA PROMOCIONAL ALDEA GRANDE 10 O 24 DE DECEMBRO 2017.

Acordouse Autorizar unha Campaña promocional do Parking Aldea Grande do 10 ao 24 de decembro do 2017 aplicando as seguintes tarifas recollidas na ordenanza municipal correspondente:

- Os primeiros 60 minutos gratuítos en todo caso.
- A partir do minuto 61 ata o minuto 120, por cada minuto: 0,01667.
- A partir do minuto 121 por cada minuto adicional: 0,00667.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5528/2017. PROPOSTA SEGUIMENTO DAS OBRAS PREVISTAS NO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RIVERO SOCIAL LALÍN II".

Acordouse Nomear ao arquitecto asesor urbanístico municipal, como director de obra e director de execución do proxecto “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR EN EDIFICIO RÚA MANUEL RIVERO 5”, a realizar polo Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN II”.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 534/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA

ENTIDADES LOCALES (OBRAS).

Dáse conta do escrito da Deputación de Pontvedra de data 21 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 9321, achegando resolución presidencial de aplicación de baixa en subvención ó Concello de Lalín con destino ó financiamento do investimento “*Accesibilidade e reparacións varias. Reparación do Muro de Peche lateral do Campo de Fútbol*” incluída no Plan de Concellos de 2016 por importe de 41.079,17 euros.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5418/2017. SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA N° 26/2017.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a favor co número 26/2017 con carácter PROVISIONAL ata o 08/09/2019.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4778/2017. DEREITOS E DEBERES RETRIBUTIVOS.

Acordouse Recoñecer a un funcionario municipal o dereito a que se lle compute o tempo de servizos prestados no Concello de Caldas de Reis, no respectivo grupo de clasificación, a efectos do devengo dos correspondentes trienios e percepción do complemento de antigüidade, dende o 1 de outubro de 2008, na medida en que tales servizos teñen a consideración de “servizos prestados” na Administración.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2681/2017. BASES FEIRADEZA 2017.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro da Área de Urbanismo, Vivenda, Benestar Social, Saúde Pública, Actividade e Produción Agrogandeira do Concello de Lalín, na que expón que os días 17, 8 e 9 de xullo de 2017 celebrouse a XXXIIIª Edición de Feiradeza.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5425/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse aprobar a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5302/2017.RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA N° 05/2014.

Acordouse a Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 05/2014 con carácter DEFINITIVO.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4691/2017. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra de data 23 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 9321, co que achega acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 10 de novembro de 2017, polo que se concede unha subvención ó Concello de Lalín ó abeiro do Plan Concellos 2017, correspondente á Liña 1: “*Acondicionamento de zonas para esparaxemento na rúa Carballeira da Botica, Zona do Auditorio e Parking Aldea Grande*” por importe de 79.057,85 euros.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5475/2017. APROBAC. PADRÓN AUGA E SANEAMENTO 3º TRIMESTRE 2017 (TESOURERÍA).

Acordouse aprobar o padron de auga e saneamento 3º trimestre

2017.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4666/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (AGRICULTURA).

Acordouse aprobar o informe técnico INFORME URBANÍSTICO sobre unha parcela próxima ó lugar de Delaparte, parroquia de Goiás, de Lalín con referencia catastral 36024A060003190000AR para situar unha nave agrícola (exp. 4666/2017).

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5405/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (PERSOAL). NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO B.E. AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2017.

Acordouse o nomeamento como auxiliar administrativo, funcionario interino por substitución transitoria da titular do posto do Departamento de Urbanismo.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5278/2017. CP2 ACTIVIDADES CON OBRAS-COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para explotación de porcino en Outeiro-Filgueira-Lalín (exp. 5278/2017).

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 293/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN EN SUELO DE NÚCLEO RURAL.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha parcela no lugar de Outeiro, parroquia de Moneixas en Lalín (exp.

293/2017).

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:20 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.